

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de febreiro de 2023
Duración	Desde as 20:36 ata as 21:40 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 12 DE XANEIRO DE 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 12 de xaneiro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 1688/2020. DICTAMEN DE LA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSONAL Y ASUNTOS GENERALES EN RELACIÓN CON LA PROPUESTA DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELETRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSION DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concédese a palabra ao Concelleiro delegado de Organización e voceiro do grupo do PP, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que no ano 2017 o Concello adheriuse á Central de Contratación da FEMP co gallo de poder contratar os servizos e subministros que oferta a citada central; no ano 2019 presentouse a solicitude para o concurso de subministro de enerxía eléctrica e que nos permitiu, naquel momento, unha importante diminución do gasto eléctrico e conseguir



a factura única; a adxudicación do contrato baseado foi efectuada por acordo plenario de 04/02/2021, resultado adxudicataria Gas Natural Comercializadora, S.A., prorrogado por acordo de Pleno de 17/02/2022 ata o 28/02/2022; a duración do contrato era dun ano, prorrogable anualmente por 3 anos; en data 16/12/2022 comunicouse á empresa adxudicataria a vontade de prorrogar o contrato; recibidos os prezos revisados da adxudicataria, se da conformidade aos mesmos.

Ante o dito, di que estamos ante a proposta de segunda prórroga do nomeado contrato baseado para el subministro de electricidade en alta e baixa tensión desde o 01/03/2023 ata o 28/02/2024.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, quen transmite o voto favorable do seu grupo a esta proposta por considerar un acerto a adhesión á Central de Contratación da FEMP.

Dna. Mar Blanco Casais, voceira do grupo municipal de MOVETE, traslada o voto a favor do seu grupo político.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen di que o seu grupo está a favor desta proposta.

Non habendo máis intervencións procédese a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

ANTECEDENTES

PRIMERO.- La Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada mediante Acuerdo de Pleno de fecha 07 de setiembre de 2017 se adhirió a la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias, a fin de poder contratar los servicios y suministros que ofertar la citada Central, de conformidad con las condiciones y precios fijados en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha Central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

SEGUNDO.- Con fecha 21 de mayo de 2019 la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias resultaron adjudicatarias las mercantiles IBERDROLA CLIENTES, S.A.U, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. para los Lotes 1 al 7. La formalización de los Acuerdos Marco se produjo el día 17 de junio de 2019, finalizando la vigencia ordinaria del



mismo el próximo 17 de junio de 2021. Pudiendo prorrogarse anualmente, sin que la duración total del acuerdo marco, pueda exceder de 48 meses (4 años).

TERCERO.- En fecha 14 de diciembre de 2020 la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada envió el documento de invitación a través de la Plataforma tecnológica a las tres empresas adjudicatarias del lote n.º 1 de dicho Acuerdo marco.

CUARTO.- La adjudicación del contrato basado fue efectuada por resolución del Pleno, de fecha 04 de febrero de 2021 resultando adjudicataria la empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. y siendo notificada con fecha 08 de febrero de 2021 y cuyo suministro finalizó el día 28 de febrero de 2021, prorrogado por el acuerdo del Pleno de 17 de febrero de 2022 hasta el 28 de febrero de 2022.

QUINTO.- La duración del contrato basado según lo dispuesto en la resolución adjudicación era de 1 año, prorrogable anualmente por 3 años.

SEXTO.- Que en fecha 16 de diciembre de 2022 se comunicó a la adjudicataria la voluntad de prorrogar el contrato basado a los efectos previstos en el artículo 29.2 de la LCSP, condicionada a la conformidad de la Entidad Local con la remisión por aquella de los precios del contrato basado revisados conforme a lo dispuesto en el art 16.3 del PCA y en el plazo establecido.

SEPTIMO.- Que recibidos los precios revisados por la adjudicataria, se da conformidad a los mismos, adjuntándose a este acuerdo.

OCTAVO.- Con fecha de 23 de enero de 2023, se emite propuesta por la Alcaldía-Presidencia para la prórroga del nombrado contrato.

NOVENO.- Con fecha 26 de xaneiro de 2023 se somete la propuesta de prórroga a dictamen de la Comisión Informativa de Organización, Personal y Asuntos Generales, como paso previo a su aprobación por el Pleno de esta corporación.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

PRIMERO. El Pliego de Cláusulas Administrativas (en adelante, "PCA"), prevé en su cláusula 21.2 la posibilidad de solicitar prórrogas en sus contratos basados:

"La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, tal y como dispone la normativa sectorial de aplicación, pudiendo celebrarse prórrogas por periodos de



un año, hasta un máximo de cinco años. Todo ello sin perjuicio de las altas eventuales y de temporada que surjan durante la vigencia y al amparo del contrato basado, conforme a lo establecido en los Pliegos, en el Acuerdo marco y en la normativa de aplicación, y ajustándose a la proposición económica presentada sobre el porcentaje de incremento máximo sobre los precios de energía de las tarifas de acceso para el suministro definitivo.

SEGUNDO. De conformidad con lo indicado en el Documento de invitación y en la cláusula 21.2 del PCA y con la intención de continuar prestando el suministro de electricidad en alta y baja tensión en la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada, la prórroga resultará de obligada aceptación por parte del adjudicatario (y siempre que haya un preaviso de 2 meses, porque así lo establece el artículo 29.2 de la LCSP) salvo que la Entidad Local disponga lo contrario en el Documento de invitación y salvo que se dé la causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, cuestiones ambas, que no se han producido. Si la EELL no lleva a cabo ese preaviso con 2 meses de antelación a la finalización del contrato, la prórroga será por acuerdo entre partes (dejará de ser potestad de la administración).

Para la tramitación de la prórroga anual, los precios vigentes en el contrato basado serán objeto de revisión (Incluso en el caso de que no se produzca el preaviso de 2 meses por parte de la administración,). En este sentido, la adjudicataria estará obligada a comunicar al responsable del contrato basado de la Entidad Local, con al menos cuarenta y cinco días de antelación a la finalización del contrato basado, los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios - Umbral (i-1)- ofertado originalmente por las empresas adjudicatarias para el contrato basado.

En el plazo de quince días desde la recepción de los precios revisados, siempre con un mes de antelación a la finalización del contrato basado, la Entidad Local deberá comunicar su intención de prorrogar el contrato basado por un año más. En caso de que dicha comunicación sobre la conformidad con los precios revisados no se produzca por parte de la Administración, de conformidad con lo previsto en el artículo 29.2 de la LCSP según el cual: "En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes", la empresa procederá, en el plazo de los 5 días hábiles anteriores a la fecha de finalización del suministro indicada más arriba a realizar los trámites oportunos para dar de baja los puntos de suministro objeto del contrato basado. Al producirse la extinción del contrato, la empresa Distribuidora



procederá a asignar estos suministros a la comercializadora de último recurso, en aplicación de la normativa vigente, R.D. 216/2014, que en el apartado d) del artículo 4 establece que los comercializadores de referencia deberán atender las solicitudes de suministro de energía eléctrica y formalizar los correspondientes contratos con los consumidores, que sin cumplir los requisitos para la aplicación del precio voluntario para el pequeño consumidor, transitoriamente carecen de contrato en vigor con un comercializador libre, y les resulten de aplicación las correspondientes tarifas de último recurso de acuerdo con lo previsto en el [artículo 17.3 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre](#).

TERCERO. Las condiciones que deberán regir esta prórroga serán las mismas que las del contrato basado y se mantendrán inalterables durante toda la vigencia de la prórroga, tal y como se establece en el PCA, a excepción de la revisión de precios prevista en el mismo.

Teniendo en cuenta lo anterior y lo debatido en esta sesión, se adoptan, por unanimidad, los siguientes **ACUERDOS**:

PRIMERO.- Prorrogar el Contrato basado para el suministro de electricidad en alta y baja tensión desde el día 01 de marzo de 2023 hasta el 28 de febrero de 2024, aplicándose los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, y que se adjuntan a esta resolución, formando parte del expediente.

PRECIOS REVISADOS

LOTES 1-5		TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
Tarifa origen	Tarifa destino						
2.0A	2.0TD	0,3743	0,2701	0,2095			
2.0DHA	2.0TD	0,3707	0,2698	0,2105			
2.0DHS	2.0TD	0,3687	0,2639	0,2158			
2.1A	2.0TD	0,3743	0,2700	0,2095			
2.1DHA	2.0TD	0,3706	0,2698	0,2104			
2.1DHS	2.0TD	0,3686	0,2639	0,2158			



3.0A	3.0TD	0,3285	0,2961	0,2424	0,2375	0,2257	0,2105
AP2.0DHA	2.0TD	0,3707	0,2698	0,2105			
AP2.1DHA	2.0TD	0,3706	0,2698	0,2104			
AP3.0A	3.0TD	0,3285	0,2961	0,2424	0,2375	0,2257	0,2105
3.1A	6.1TD	0,2745	0,2488	0,2091	0,2087	0,1994	0,1960
6.1A	6.1TD	0,2654	0,2477	0,2180	0,2093	0,1937	0,1965

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución a la empresa adjudicataria a través de la plataforma informática de la Central de Contratación, publicarla en el perfil del contratante de esta Entidad Local y notificarla conforme a lo establecido en la LCSP.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos quere presente algunha moción de urxencia para a súa inclusión fóra da orde do día desta sesión.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que o pasado 03/02/2023 o seu grupo presentou por rexistro deste Pleno unha moción de urxencia sobre a instalación dun parque eólico no “Campo das Rosas”, ao que se lle deu luz verde para comezar coas súas obras debido a unha resolución de impacto medio ambiental favorable (publicada do DOGA de 09/01/2023). Lembra que no último mes de abril todos os grupos políticos municipais votaran a favor da presentación dunha serie de alegacións en contra da instalación do dito parque eólico, pedíndolle á Xunta que procedese á retirada do correspondente proxecto; entre estas alegacións figuraba o rexeitamento do estado de impacto medio ambiental pola incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afectación; entende que esa resolución favorable non concorda co acordado neste Pleno no seu día e no que se entendía que si existía un impacto ambiental en motivos sentidos (fauna e flora, sobre todo á baixada da Rapa das Bestas). Di que na resolución de impacto medio ambiental publicada di, con respecto á Rapa das Bestas, que dito parque eólico só lle afecta nun plano estético, algo que non é así, porque.....

Interrompe o **Sr. Alcalde** para dicirlle á Sra. Camba que non debe entrar no fondo do asunto, senón que ten que explicar cal é o motivo da urxencia.

A **Sra. Camba Castro** considera necesario entrar nestas explicacións porque son a





base da urxencia, motivos que marcan a necesidade de poñer freo á instalación do nomeado parque eólico despois do dito informe favorable de impacto medio ambiental, considerando que é necesario nesta sesión tomar unha serie de resolucións para trasladar á Xunta de Galicia co gallo de parar as obras de construción.

Intervén o Concelleiro do grupo de MOVETE, **D. Iván Sanmartín Eirín**, para dicir, con respecto á urxencia da moción a tratar, que a resolución do impacto medio ambiental non ten opción a recurso, sen embargo, en calquera momento pódese aprobar a autorización, polo que considera necesario tomar nesta sesión un acordo que faga mención a que se vai a recorrer en alzada a autorización, ademais de tomar outras medidas xudiciais, reforzando aquel acordo plenario do pasado mes de abril, sendo urxente porque non se sabe cando se vai a aprobar a execución do proxecto.

Pide a palabra o voceiro do grupo do partido socialista, **D. Luís López Bueno**, para trasladar que votará a favor da urxencia da moción.

O **Sr. Alcalde** intervén para dicir que estamos ante unha cuestión que preocupa a todos, sobre todo sabendo que, de todos os proxectos que están en tramitación, este é o que maior impacto pode ter. Considera que adoptar neste Pleno o acordo tal e como se propón na moción é ousado, porque adoptar medidas xudiciais non é factible tendo en conta que é a Xunta a que ten que resolver en vía administrativa, ademais de que despois temos a opción de recorrer a aprobación do proxecto (algo que se vai a facer), sen esquecer que o Concello é o que ten que conceder a correspondente licenza urbanística.

En canto á labor do Concello, di que, no seu día, se fixo un informe desfavorable e se presentou alegación e, a día de hoxe, se seguirá loitando mediante a presentación de todos os recursos que legalmente están permitidos, pero non está de acordo con determinados cualificativos que se inclúen na exposición de motivos da moción, polo que se se quere chegar a un acordo, insta aos demais grupos municipais para que esta moción sexa sometida a unha Comisión Informativa, que se vexa, xunto co equipo técnico contrato, por onde encamiñar a nosa estratexia e así emprender accións efectivas, porque o que se pretende nesta moción non deixa de ser un “brindes ao sol” e non van a garantir ningún resultado positivo.

En definitiva, propón que se leve a moción á Comisión Informativa correspondente, que se elabore un estudo axeitado co equipo técnico e se adopte un acordo entre todos que teña resultados efectivos, e non tomar un acordo de presa e correndo e con pouca utilidade, polo que o voto da urxencia do grupo de goberno vai a ser en





contra.

A **Sra. Camba Castro** di que calquera acción que se poida levar a cabo se vai a sumar a ela, pero entende que é urxente chegar a un acordo por cuestión dos prazos existentes, estrañándose de que non houbera ningunha reacción á declaración de impacto medio ambiental, por entender que estamos ante un proxecto eólico agresivo, sobre todo coa Rapa das Bestas. En canto ao dito polo Sr. Alcalde de que este sería un acordo adoptado de presa e correndo, considera que un acordo plenario nunca o é, como tampouco é inútil, porque dende o momento que se adopta un acordo e se lle traslada á Xunta de Galicia xa ten unha utilidade. Por outra banda, en canto a que se considera un pouco precipitada a acción xudicial, di que non se está propoñendo que esta se tome, senón que se adopten todo tipo de medidas, mesmo as xudiciais en caso de que foran necesarias. Reitera a postura do seu grupo de considerar urxente que se empecen a tomar medidas para frear este proxecto eólico do “Campo das Rosas” para que nada nos tome por sorpresa, estando preparados para que o que veña e así facerllo saber á Xunta.

O **Sr. Alcalde** considera que si estamos preparados e atentos, de feito este Concello dispón de todos os medios administrativos regulamentarios; pero agora estamos falado dun acordo plenario en contra dunha resolución administrativa na que no cabe recurso, polo que de pouco vale, sen que haxa certa sensibilidade municipal para tomar outro tipo de medidas. Por outra banda, di que estamos ante un procedemento administrativo sustentado en criterios técnicos e legais, pero é certo que, a día de hoxe, para o noso territorio sería un gran impacto, polo que non se vai a defender esa posición, pero o acordo que tomemos hoxe non vai a afectar para nada á resolución que adopte con respecto a este proxecto a Xunta de Galicia, a cal seguirá o procedemento correspondente, sobre todo cando ten todos os informes favorables. Ante o dito, considera que debemos de reflexionar e temos os equipos técnicos suficientes para analizar e buscar a vía máis adecuada, non cabendo a menor dúbida que este goberno municipal vai a adoptar todas as medidas que se poidan co fin de protexer a contorna da Rapa das Bestas.

Continúa dicindo que este asunto e tan urxente como foi a semana pasada, polo que si se presentase antes se houbera debatido na Comisión Informativa correspondente e coas garantías suficientes, polo que considera que con este xeito se está a buscar outra finalidade e na que este grupo de goberno non vai a entrar, sobre todo a tres meses das eleccións municipais, intentando politizar unha cuestión tan delicada e importante, polo que considera que é unha estratexia errónea, ademais pensa que todos e todas somos o suficientemente intelixentes para tomar solucións no momento en que hai que tomalas dentro do procedemento que se





segue. Polo tanto, se estará moi pendente a que este procedemento se cumpra e aproveitando todos os prazos legais establecidos para presentar a documentación ou alegacións pertinentes para evitar que este proxecto se leve a cabo con todas as garantías xurídicas e legais.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno** para dicir que lle parece ben contar coa opinión técnica do servizo que lle está prestando asesoramento ao Concello a aos veciños e veciñas, e así ver se este informe de impacto medio ambiental ten doenzas ou non e, en función diso, actuar como corresponda. Sen embargo, non pode compartir o manifestado polo Sr. Alcalde sobre que os acordos que se tomen por este Pleno sexan inútiles, porque unha cousa é que teñan máis ou menos efecto administrativo, e outra é que as corporacións mostren a súas posturas políticas con respecto a determinados asuntos, por iso non lle parece lóxico non outorgar a posibilidade de debate desta moción; ademais, considera que non se traería por urxencia ao Pleno mocións sobre parques eólicos que ameazan o noso territorio se se tivera en conta a solicitude que leva meses facendo o seu grupo para que se faga unha reunión da xunta de voceiros e voceiras para fixar posturas comúns da corporación ao respecto dos distintos proxectos eólicos que nos afectan, polo que reitera esta petición, aínda que considera que o grupo de goberno non ten interese en chegar a posturas comúns por defender o modelo da Xunta de Galicia, incluso en contra do interese da nosa veciñanza.

O **Sr. Alcalde** pensa que o voceiro socialista se sae fóra do obxectivo desta moción, porque o que se buscan con ela son outros fins diferentes ao de paralizar o proxecto dunha forma coherente e dentro da tramitación do procedemento administrativo. Tamén quere dicir que non está de acordo cando di que este grupo de goberno defende o modelo da Xunta de Galicia, sobre todo cando se presentaron recursos e informes desfavorables á tramitación dos proxectos, ademais de ser capaces de tumbar as declaracións de impacto medio ambientais en tres proxectos eólicos, polo que considera ousada a acusación do voceiro socialista, actuacións gracias á profesionalidade do equipo técnico asesor, aínda que cre que os grupos da oposición non valoran a súa capacidade. Reitera que ese equipo técnico non veu, con respecto ao proxecto do “Campo das Rosas”, ningún argumento sólido para declarar desfavorable a súa declaración de impacto medio ambiental.

En relación ao dito de que este Pleno non se posicionou anteriormente en contra deste proxecto eólico é falso, xa que houbo un acordo plenario polo que se manifestaba o desacordo desta corporación coa súa instalación e que se lle trasladou á Xunta de Galicia, polo que non tolera que se falsee a realidade. En canto ao momento que estamos, se seguirá traballando neste proceso para acadar o





obxectivo plantexado e que é tumbar este proxecto por consideralo o máis agresivo de todos os que nos afectan, e todo iso sen quitar rédito político de cara ás eleccións locais.

Por outra banda manifesta que non está de acordo cando na moción se cualifica de depredador o modelo da Xunta, aclarando que este non defire ao do goberno central, porque o deste último si que é depredador por aprobar parques eólicos de máis de 150 megavatios en calquera sitio pasándose por enriba as zonas de aproveitamento eólico, independentemente de onde estea localizado, mentres que o da Xunta de Galicia basease no Plan Eólico de Galicia e onde se atopan definidas as áreas eólicas onde se poder facer eses aproveitamentos con menos repercusión.

Continúa dicindo que cre na transición enerxética, porque se pechamos centrais térmicas e nucleares hai que buscar un xeito de producir enerxía eléctrica, existindo unha aposta clara de Europa, España e Galicia pola transformación do modelo enerxético, sendo a enerxía eólica unha das máis sostibles. Polo tanto, considera que non se pode estar esixindo un cambio do modelo enerxético e, detrás da pancarta, impedir a implantación dos proxectos eólicos, algo que non é razoable e coherente, porque hai proxectos que poden ser viables e outros que non.

Finalmente, di que se van a utilizar todas as ferramentas legais para poder impedir este proxecto eólico “Campos das Rosas” por considerar agresivo o impacto medio ambiental do seu entorno, sendo este é obxectivo do grupo de goberno, pero dentro da legalidade e non utilizando outro tipo de cuestións. Polo tanto se está en disposición de convocar unha Comisión Informativa, convidando ao grupo técnico de asesoramento, para buscar legalmente as medidas que debamos tomar para loitar contra a execución deste proxecto, todo o demais son fogos de artifício e aí o seu grupo non vai a participar.

Interrompe a **Sra. Camba Castro** para dicir que non entende a que veu o discurso do Sr. Alcalde, porque con expoñer os motivos que ten en contra da urxencia era suficiente sen ter que faltarlle ao respecto aos grupos da oposición.

Así tamén aclara que o partido do BNG pode ter moitos fallos, pero o que non fai é poñerse detrás da pancarta, porque nunca dixo que estivera en contra enerxías eólicas ou verdes, senón destes proxecto que considera depredadores co medio ambiente, porque estamos ante unhas empresas que cometeron depredación no noso territorio e que agora que teñen que facer transición o fan cometendo outra depredación.

Pide que o grupo de goberno defenda a súa postura pero sen facer alusións ao BNG e, se non ten argumentos, non recorra ao insulto.

(ÉNTRASE NUN DEBATE QUE NADA TEN QUE VER COA URXENCIA DA MOCIÓN A





TRATAR, QUE QUEDA COMO PARTE DESTA ACTA NOS AUDIOS DAS INTERVENCIÓNS QUE CONSTAN NO EXPEDIENTE)

Intervén o **Sr. Alcalde** para explicar novamente os motivos polo que o seu grupo votará en contra da urxencia desta moción.

Pide novamente a palabra o **Sr. López Bueno** para reiterar outra vez os seus argumentos e que xa foron explicados na súa anterior intervención.

O **Sr. Alcalde** pecha o debate reiterando a necesidade de someter esta moción a unha Comisión Informativa de acordo co manifestado nas súas anteriores intervencións, sometendo a continuación a urxencia a votación, acadando os votos a favor dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), e en contra do Partido Popular, polo que se rexeita a súa urxencia.

Non habendo máis moción de urxencias séguese co contido na Orde do Día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE XANEIRO DE 2023 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e o 13 de xaneiro de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0001 ao número 2023-0048 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quen, en primeiro lugar, roga ao grupo de goberno para que se interese pola situación de determinado mobiliario urbano sito nos Xardíns municipais, porque un dos bancos está desprendido e unha arqueta está fóra do seu sitio.

Reitera o rogo para que se solucione o problema que teñen os veciños e veciñas



de O Barco - Couso coa caída de auga sobre a pista que baixa ao dito lugar. Insta a que sexa reparada unha caseta de autobús existente en Riobó, caseta que instalou COVSA e que utilizan os nenos e nenas que van a escola.

Prega que sexan instaladas marquesiñas nas paradas de autobús do casco urbano. En relación ao pavillón anexo ao CEIP de Oca, pide que se faga un estudo sobre as deficiencias das que sofre co fin de facerlle unha proposta ao equipo director deste centro.

Realiza unha pregunta dirixida a Concelleiro da área correspondente, en relación ás manifestacións feitas nunha Comisión Informativa de Facenda sobre que modificarían, antes do ano 2023, as Ordenanzas fiscais de acordo cuns modelos facilitados pola Deputación de Pontevedra, polo que quere saber como vai esa tramitación.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que é unha tarefa pendente cos departamentos de Intervención e Tesourería, e que foi atrasándose para atender outros temas máis importantes; informa que está sobre a mesa para intentar poñerse con estas modificacións tan pronto sexa posible.

O **Sr. López Bueno** pregunta se hai algún borrador dalgunha destas Ordenanzas.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está traballando con diversos borradores facilitados pola Deputación de Pontevedra, pero, nestes momentos, o volume de traballos dos departamentos anteriormente nomeados frea un pouco a tramitación, aclarando que está dentro da planificación de traballo para este ano.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que, con motivo dos traballos de reparación das beirarrúas feitos nestes días, elimináronse as ramplas de acceso para peóns, supón que para que cando sexan os asfaltados das rúas se fagan, por iso quere pedir que se subsane esta deficiencia canto antes para eliminar as barreiras arquitectónicas de agora.

O **Sr. Alcalde** lle informa que xa empezaron coas obras para facer os pasos de peóns elevados, concretamente na rúa Serafín Pazo e se continuarán coas outras rúas do casco urbano.

Continúa a **Sra. Blanco Casais** pregando que, por parte do Concello, se faga todo o posible para solucionar o problema de horarios existentes co transporte urbano, é dicir, que se reforcen os mesmos e que se respecten os existentes, porque non é



de recibo que se cambien os horarios sen previo aviso e, no caso dunha liña cunha frecuencia xustificada, debe respectarse e non cambiala.

O **Sr. Alcalde** lle informa que se está pendente de que nos conteste a Dirección Xeral de Mobilidade sobre este tema. Di que non hai unha supresión de ningunha liña, senón cambio de horario (a das 07:20 pasa ás 06:55 horas), entendendo que dito cambio é motivado pola propia concesionaria e autorizada pola nomeada Dirección Xeral, pero espera que na reunión que manterá co Director deste organismo se lle explique o motivo dese cambio, esperando que estea sustentado nalgún estudo. Nesa reunión futura espera que Mobilidade atenda á necesidade de fixar uns horarios que sexan útiles para as persoas usuarias, porque non ten sentido que, despois do esforzo económico que fai este Concello para contar co transporte metropolitano, non se teña de unha horarios adaptados ás necesidades existentes no noso concello.

A **Sra. Blanco Casais** di que hai que ter en conta as necesidades das persoas usuarias e non só o que pensa a Dirección Xeral de Mobilidade, sendo importante reforzas as liñas, algo necesario para fomentar o transporte público e evitar que se utilicen os vehículos particulares.

Continúa trasladando unha serie de críticas sobre o mal estado en que están os baños públicos da Praza da Feira, polo que prega que se limpen con máis frecuencia.

O **Sr. Alcalde** di que se está referindo a unha situación excepcional que ocorreu o mércores pasado, da cal é coñecedor, pero hai persoal municipal que se adica a limpar estes baños.

A **Sra. Blanco Casais** manifesta a importancia de abrir ao público, dunha vez por todas, o Albergue de Sabucedo, porque diferentes colectivos do noso concello e tamén a Asociación da Rapa das Bestas fan actuacións todos o ano e é unha mágoa que este albergue non se poda utilizar, sobre todo cando a variante do camiño de Santiago pasa por alí. Di que non entende o por que, ano tras ano, continúa pechada esta edificación, ademais de que xamais se lle deu resposta a este tema. Finalmente insta a que o albergue de Sabucedo se abra.

Continúa dicindo que nunha sesión da Xunta de Goberno Local se aprobou o pagamento dunha sanción imposta por Augas de Galicia por vertidos en Sabucedo, entendendo que será polo mal funcionamento da depuradora; ante isto considera necesario que o Concello tome medidas para evitar estes vertidos e loitar polo



coidado do noso medio ambiente.

Finaliza pasa a palabra ao outro concelleiro do seu grupo.

Toma a palabra o **Sr. Iván Sanmartín Eirín**, concelleiro do grupo de MOVETE, para trasladar que a presidenta da Asociación de Veciños de Sabucedo presentou hoxe un escrito para que se inste dende o Concello á empresa de telefonía responsable para que solucione o problema da mala cobertura móbil así como da ausencia de fibra óptica, puntos moi importantes para fixar poboación e tamén por celebrarse alí unha festa de interese internacional.

En relación ao proxecto do parque eólico do “Campo das Rosas”, di que no informe medio ambiental no que se basea a Xunta para a súa concesión se di que que os cabalos existentes nesta zona non contan cunha protección especial, polo que prega que se pida para todo o territorio da Rapa das Bestas unha protección especial e, para este fin, insta ao grupo de goberno para que se poña en contacto cos demais concellos afectados (Cerdedo, Cotobade, Campo Lameiro e Cuntis) e ca Xunta de Galicia co fin de iniciar os estudos para a protección do hábitat e das bestas e, deste xeito, crear un espazo único para Galicia e, incluso, para Europa.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen, en primeiro lugar, pregunta como está a tramitación dun deslinde na Travesía de San Paio polo que preguntou nunha anterior sesión plenaria e que o Concelleiro delegado de Urbanismo lle facilitou información.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que o procedemento aínda non está rematado, pero tan pronto se teña claro se estamos ante un tramo de vial público ou non se verá que posibilidades se teñen para acometer a obra. Di que a semana pasada se lle trasladou a posibilidade de que podamos asfaltar e acondicionar xa ese camiño, pero ata que remate o procedemento non se pode valorar as actuacións que se poidan facer .

Pregunta a **Sra. Camba Castro** se se sabe cando se vai a contratar o Servizo de Axuda no Fogar e se están redactados os Pregos.

Responde o **Sr. Alcalde** que se está a traballar co estudo económico deste servizo, sendo a idea intentar ter unha cifra co fin de lanzar a licitación mediante anuncio previo no Diario Oficial da Unión Europea; espera que durante este trimestre se poida ter avanzado este procedemento pola necesidade deste servizo e das súas traballadoras.





Non habendo máis intervencións por parte dos concelleiros e concelleiras que forman o Pleno, **o Sr. Alcalde** pregunta ao público asistente se quen formular algún rogo ou pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá.

Non existindo ningunha petición de intervención polo público presente, se procede a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

